



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Métodos de investigación		Código	652G03019
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es	
Web	https://www.udc.es/es/centros_departamentos_servizos/departamentos/departamento/?codigo=D162			
Descrición xeral	A realidade socio-educativa do/a educador/a social é complexa, diversa e difícil de analizar, describir e interpretar, por iso é necesario, que ao longo da súa formación académica, adquira unha serie de competencias que lle permitan desenvolver a súa posterior actividade profesional. Por tal circunstancia, a aprendizaxe e aplicación de diversas metodoloxías de investigación, que se planifican nesta materia, permitirá nun futuro ao educador/a social seleccionar a máis adecuada para solucionar os problemas que se encontrará no seu próximo ámbito laboral. Sen esquecer que o/a educador/a social dentro do seu ámbito laboral terá que investigar para poder achegar posibles solucións que melloren o contexto no que se desenvolva a súa actividade laboral. A diversidade de concepcións epistemolóxicas aplicables ás distintas situacións sociais será fonte de información para o/a investigador/a social, permitíndolle determinar cal é a máis adecuada para solucionar o problema ao que se enfronta. Non se pretende establecer unha prelación ou unha orde de importancia entre os variados modos de investigación, senón que é o problema de investigación o que determinará a elección dunha metodoloxía ou outra, facendo dela a máis válida para este tipo de problema. O desenvolvemento da investigación pretende, ademais de solucionar problemas existentes no contexto social, ser fonte de información e formación para os profesionais encargados de desenvolver a súa actividade neste campo de traballo, permitíndolles intervir con máis garantías de calidade e, sobre todo, ser capaces de anticiparse aos problemas e as necesidades do ámbito.			



Plan de continxencia

Plan de continxencia (adaptado de addenda Covid19):

1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios

2. Metodoloxías

Metodoloxías docentes que se manteñen:

? Sesión maxistral

? Prácticas a través de TIC

? Solución de problemas

? Análises de fontes documentais

? Obradoiro

? Aprendizaxe colaborativa

? Proba Mixta

? Atención personalizada

Metodoloxías docentes que se modifican: non se realizarán cambios

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:

? Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.

? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica?, a través das cales se poñen en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.

? Teams:

A) sesión semanal en gran grupo interactivo (como nas clases interactivas) para o avance dos contidos e das fichas e probas de coñecemento na franxa horaria que ten asignada a materia non calendario de clases aprobado en Xunta de Facultade.

B) De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 5 persoas) para o seguimento e apoio na realización das fichas guiadas. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades de aprendizaxe do alumnado para desenvolver a materia.

4. Modificacións na avaliación: non se realizarán cambios

Observacións:

a) A presencialidade dos/as estudantes só controlárase nas clases interactivas da materia a través da realización das probas de coñecemento que se farán ao final de cada sesión. Os/as estudantes serán considerados presenciais sempre que asistan ás clase interactivas; soamente poden faltar tres veces (sen xustificante), pero nunca máis de dúas veces en cada una das partes da materia (parte textos e parte análise). Os/as estudantes poden presentar xustificantes, por faltar a clase, sempre que sexan médicos, de traballo, de hospitalización, etc. pero deben ser homologados (non poden ser, por exemplo, a solicitude dunha cita médica, etc.). O recurso principal que se empregará para o control da asistencia do alumno será o Moodle, onde se realizarán as probas de coñecemento.

b) Os/as estudantes non presenciais poden seguir a materia por Moodle, se ben non poderán participar nas probas de coñecemento nin serán convocados por TEAMS para as clases interactivas. Considerarase alumnado non presencial aquel que, dada unha nova situación de confinamento, ate ese momento tivera elixido esa opción (no primeiro día de



clase) ou ben tivera superado xa as tres faltas de asistencia en total (ou nalgunha das partes da materia); nesta última opción as/os estudantes pasarían automaticamente a esta modalidade. Manterase a avaliación deste alumnado tal e como se recolle na Guía Docente, no apartado específico de "observacións".

c) A avaliación será totalmente a través de Moodle, coas diferenzas presentadas na guía docente entre estudantes presenciais ou non presenciais.

d) As clases expositivas continuarán baixo a modalidade non presencial. Preséntase cunha semana de antelación ao estudantado en Moodle (as clases expositivas serán os luns de 9 a 10:30) un Power Point coa voz gravada da explicación ou ben a través dun vídeo de stream (a ligazón aparecerá en Moodle).

e) As clases interactivas mudará á modalidade non presencial, mantendo o formato de grupos de traballo que se especificaran na modalidade híbrida. Os grupos de traballo crearanse por TEAMS, que será o medio a través do cal se fará o seguimento das fichas e da proba de coñecemento por parte das profesoras (estas clases serán sempre no horario aprobado pola Xunta de Facultade).

f) A avaliación da materia será, en todas as posibles modalidades, virtual (debido a circunstancias sanitarias) e manterase a mesma ponderación das cualificacións, con independencia da modalidade docente. Será da seguinte forma: a proba mixta realizarase por Moodle (na data e hora aprobada pola Xunta de Facultade para o exame da convocatoria de xaneiro ou xullo); as probas de coñecemento serán dentro de cada clase interactiva (neste caso, ao final da clase interactiva por TEAMS). As probas non se habilitará ata que comecen as clases interactivas cada grupo interactivo (cada grupo interactivo terá unha proba de coñecemento diferente); as fichas que se fagan serán presentadas en dous documentos e serán colgados en Moodle na data establecida polas profesoras o primeiro día da clase. Cabe lembrar que a/o estudante presencial debe presentarse a cada unha das formas de avaliar para superar a materia, e dicir, debe facer a proba mixta e as probas de coñecemento (a cualificación destas probas está condicionado sempre á entrega dos documentos das prácticas en Moodle). Os estudantes non presenciais terán que realizar a proba mixta unicamente (ver o apartado de avaliación da guía docente).

g) As titorías da materia serán individuais e virtuais. O alumnado deberá solicitar hora ao profesorado vía correo electrónico. **MOI IMPORTANTE, AS TUTORIAS SEMPRESERÁN DENTRO DO HORARIO PRESENTADO POLO PROFESORADO QUE IMPARTE A MATERIA.**

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer á terminoloxía; as diversas fases do plantexamento da investigación e as diversas metodoloxías tanto do ámbito cuantitativo como cualitativo da intervención socioeducativa	A5	B4	C2
	A6		
	A7		
	A8		
	A11		
	A13		
	A14		
A21			
Analizar a información recollida nos procesos da intervención socioeducativa, empregando as técnicas de análise adecuadas		B1	
		B2	
		B5	
		B6	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse dende diversas perspectivas e unha de elas a perspectiva de xénero			C1
			C3
			C4
			C6
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I.- FUNDAMENTOS DA INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN	TEMA 1. - A INVESTIGACIÓN EDUCATIVA. 1.1. Definición e características da investigación científica. 1.2. Definición e características da investigación educativa. 1.3. Tipos de Investigación. TEMA 2. - OS PARADIGMAS DE INVESTIGACIÓN. 2.1. Cuestións básicas. 2.2. Características dos paradigmas. 2.3. Posicións ante a diversidade paradigmática.
BLOQUE II.- A INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO E SOCIAL	TEMA 3. - O PROCESO XERAL DE INVESTIGACIÓN. 3.1. Formulación do problema. 3.2. Revisión da literatura. 3.3. Hipótese e variables. 3.4. Deseños de investigación. 3.5. Poboación e mostra. 3.6. Técnicas de recollida de datos. 3.7. Informe da investigación. 3.8. Diferenzas do proceso de investigación dende a perspectiva cuantitativa e/ou cualitativa.



BLOQUE III.- METODOLOXÍA CUANTITATIVA E CUALITATIVA NA INVESTIGACIÓN EDUCATIVA	TEMA 4. - A INVESTIGACIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA CUANTITATIVA. 4.1. Introducción. 4.2. Investigación experimental 4.3. Investigación non experimental. TEMA 5. - INVESTIGACIÓN DENDE UNHA PERSPECTIVA CUALITATIVA. 5.1. Investigación acción, investigación colaborativa e investigación participativa. 5.2. Investigación evaluativa 5.3. Otros métodos cualitativos: biográfico, etnográfico, fenomenología, etnometodología y estudio de casos. TEMA 6.- A ESTADÍSTICA COMO INSTRUMENTO DE INVESTIGACIÓN.
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A7 A8 A11 A13 A14 A21 B4 C1 C6 C8	2	24	26
Análise de fontes documentais	C4	0	12	12
Obradoiro	B2 C1 C2	9	9	18
Proba mixta	A5 A6 A11 A13 B1 B2 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	4	4	8
Prácticas a través de TIC	A5 A6 A7 B1 C3 C6 C8	10	10	20
Solución de problemas	A5 A6 A7 A11 A13 A14 B1 B2 B5 C1 C2 C3 C4 C6 C8	10	10	20
Estudo de casos	A6 A7 A11 A14 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	10	10	20
Sesión maxistral	A6 B5 C4 C6 C8	10	10	20
Atención personalizada		6	0	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Esta metodoloxía combínase con outras metodoloxías como obradoiro, análise de fontes documentais, esquemas, lecturas, mapas conceptuais, solución de problemas, etc. Todos estes procedementos serán guiados de FORMA PRESENCIAL (ou virtual, a través da plataforma TEAMS) e/ou apoiados con tecnoloxías da información e da comunicación. Para a súa realización configúranse grupos pequenos (non máis de 2 persoas). E lévanse a cabo durante todas as clases interactivas da materia. Esta metodoloxía forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social";
Análise de fontes documentais	Metodoloxía que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (artigos, textos educativos, bases de datos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise destes. Esta metodoloxía pódese empregar: como introdución a un tema, como instrumento de aplicación, para explicar procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. Esta metodoloxía forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social";



Obradoiro	Esta metodoloxía está destinada unicamente aos contidos da materia do tema 2, tema 3, tema 4, tema 5 e o tema 6. Coa mesma, inténtase que o alumnado combine outras metodoloxías como, por exemplo, solucións de problemas, prácticas a través de TIC, etc. Pero tendo presente que con ela o alumnado desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado. Todo isto só se levará a cabo cando se explique ditos temas. A profesora presentaran ao alumnado os apuntes destes temas (a través de moodle); nas clases expositivas explicará con solucións de problemas ditos apuntes; nas clases interactivas a profesora presentará fichas guiadas (prácticas guiadas) para que o/a alumno/a as leve a cabo. PARA TODO ISTO O ALUMNADO/A DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS. Para a entrega desta metodoloxía a profesora planificarán unha data de entrega en moodle Esta metodoloxía forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social";
Proba mixta	Proba utilizada para a avaliación das aprendizaxes tanto das clases expositivas como interactivas. Conta de dúas partes: a) Parte teórica: será o que o/a profesor/a presenta nas clases expositivas. Todos os contidos da guía docente. b) Parte análise: será unicamente o que o/a profesor/a expón e traballe co alumnado no tema 6 do apartado contido desta materia. As preguntas destas partes poden ser directas ou afirmacións incompletas, mesmo preguntas con varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións. Pero só unha e a máis correcta. NESTA PROBA AS RESPONSTAS INCORRECTAS RESTARÁN ÁS CORRECTAS. A materia supérase cando se supera todas as partes e nunca se gardará algunha das partes para outras convocatorias.
Prácticas a través de TIC	Esta metodoloxía empregarase para dous tipos de actividades: a) Realización de probas online de cada contido teórico abordado nas sesións expositivas. Levarase a cabo un test ao final de cada sesión interactiva, onde o alumnado poderá poñer a proba as aprendizaxes adquiridas nas sesións teóricas e aplicadas nas sesións interactivas. Estas probas formarán parte da avaliación final da materia. b) Análise da información informatizada. Emprego de programas informáticos tanto cuantitativos como cualitativos tanto para o análise da información. O desenvolvemento desta actividade de análise será complementario á metodoloxía de solución de problemas. Esta metodoloxía forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social";
Solución de problemas	Esta metodoloxía utilízase unicamente para o tema 6 dos contidos da materia. O alumnado disporá das clases interactivas para realizar as actividades encomendadas e terá que incorporalas todas xuntas nun documento único (que constituirá a metodoloxía do Obradoiro), que denominará ?Métodos de investigación? que será entregado na data estipulada pola docente. Esta metodoloxía forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social";
Estudo de casos	Esta metodoloxía empregarase para a realización das prácticas correspondentes aos temas 2, tema 3, tema 4 e tema 5 dos contidos da materia. Presentarase ao alumnado un exercicio por grupo e deberán aplicar os coñecementos teóricos adquiridos nas sesións expositivas á resolución do mesmo. O alumnado disporá das clases interactivas para realizar as actividades encomendadas e terá que incorporalas todas xuntas nun documento (que constituirá a metodoloxía do Obradoiro) único que denominará ?Métodos de Investigación?, e que será entregado na data estipulada pola docente Esta metodoloxía forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social";.
Sesión maxistral	Clase impartidas pola profesora, nas clases expositivas, sobre os contidos xa citados no apartado de ?contidos? desta guía docente. Esta metodoloxía utiliza exclusivamente a palabra e a vista como vía de transmisión da información a todo o grupo. As clases expositivas, durante este curso académico 2020-2021, non serán presenciais, debido o número de estudantes matriculados na materia. Por tanto, preséntase cunha semana de antelación ao estudantado en Moodle (as clases expositivas serán de 9 a 10:30 os venres) o material en Power Point con la grabación de su voz (a través de Moodle e Stream) para el seguimiento de la exposición. En este material, el alumnado tendrá referencias bibliográficas para consultar o, también, para completar o seguir la exposición de las profesoras.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Prácticas a través de TIC Solución de problemas Sesión maxistral Obradoiro Aprendizaxe colaborativa Análise de fontes documentais Proba mixta Estudo de casos	Na atención personalizada a profesora resolverá as dúbidas que teña o/a alumno/a sobre os diferentes temas a traballar na materia. Pero ademais calquera dúbida que poida xurdir para a solución de problemas, nas lecturas, no obradoiro, na aprendizaxe colaboradora, a análise de fontes documentais como nas prácticas a través de TIC. Durante estas sesións, realizarase un seguimento do traballo do estudiantado, supervisando e orientando mais directamente o proceso a seguir en cada unha das actividades realizadas. Esta atención personalizada realizarase no despacho da profesora (P1A15) no horario de tutorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho das profesoras, na páxina web do departamento como na Facultade de Ciencias da Educación. A ATENCIÓN PERSONALIZADA REALIZARASE CARA A CARA ENTRE O ESTUDANTADO E PROFESOR. ESTA ATENCIÓN TEN QUE SER INDIVIDUAL (PARA CUMPRIR ASÍ AS RECOMENDACIÓNS ORIXINADAS POLO COVID-19). PODEN SER GRUPAIS PERO A TRAVÉS DE TEAMS (estas para o estudiantado presencial) PARA PODER ORGANIZAR DITA ATENCIÓN. O ESTUDANTADO DEBE COMUNICARSE PRIMEIRAMENTE COA PROFESORA VÍA CORREO ELECTRÓNICO (NESE CORREO SOLICITARÁ UNHA TUTORIA INDIVIDUAL OU GRUPAL). LEMBRAR QUE A PROFESORA É A QUE MARCARÁ O HORARIO DE DITA TUTORIA. SE O ESTUDANTADO NON ENVÍA ESE CORREO ELECTRÓNICO, AS PROFESORAS NON O ATENDENRÁN BAIXO NINGUNHA CURCUNSTANCIA.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A5 A6 A7 B1 C3 C6 C8	Esta metodoloxía será empregada unicamente para avaliar os progresos do alumnado na comprensión dos contidos teóricos da materia (clases expositivas). Realizaranse breves tests de coñecemento (do desenvolvido durante a sesión expositiva e interactiva correspondentes). Empregaranse os 30 últimos minutos das clases interactivas (o estudiantado deberá conectarse por moodle para realizar estas avaliacións). IMPRESCINDIBLE QUE CADA ESTUDANTE TRAIGA NAS CLASES INTERACTIVAS O SEU ORDENADOR E TODO O MATERIAL QUE PRECISE PARA REALIZAR ESAS PRÁCTICAS.	20



Solución de problemas	A5 A6 A7 A11 A13 A14 B1 B2 B5 C1 C2 C3 C4 C6 C8	Esta tarefa está destinada a un único contido da materia (Tema 6). Coa mesma inténtase que o alumnado combine outras metodoloxías como por exemplo, solucións de problemas, prácticas guiadas (fichas guiadas), etc. Pero tendo presente que con ela o/a alumno/a desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado. Todo isto so se levará a cabo cando se explique o tema 6. A profesora presentará ao alumnado os apuntes deste tema (a través de moodle); nas clases expositivas explicará con solucións de problemas ditos apuntes; nas clases interactivas a profesora presentará prácticas guiadas para que o alumno/a as realice PARA TODO ESTO O/A ALUMNADO/A DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS. O/a alumnado deberá realizar todas as prácticas propostas e incorporalas nun documento único, a modo de dossier, que entregará ao docente no prazo establecido, baixo o nome de ?Métodos de Investigación? (que será a metodoloxía Obradoiro). A profesora antes de finalizar o período lectivo realizará un simulacro de dita proba, no horario de clase da materia. As preguntas dese simulacro estarán a disposición do alumnado matriculado nesta materia en moodle. A asistencia a este simulacro non é obrigatoria	20
-----------------------	---	--	----



Proba mixta	A5 A6 A11 A13 B1 B2 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	O exame da convocatorias de xuño ou xullo é o que fai referencia a avaliación desta metodoloxía e consta de dúas partes: 1-Parte Teórica constará dun número de ítem de resposta aberta, ou de resposta breve ou de verdadeiro e falso pero xustificando (o tipo de preguntas o determinará o profesorado). Unha pregunta cunha resposta incorrecta resta unha pregunta cunha resposta correcta. Esta parte apróbase cando se alcanza unha puntuación de 10 sobre 20 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí (non se garda nota de ningunha parte, en ningunha convocatoria, se se suspende). 2-Parte ANALISE. Esta parte consta de varios problemas estatísticos ou preguntas de respostas breves ou preguntas de verdadeiro e falso (o profesorado será o que decida o tipo de preguntas). Esta parte apróbase cando se alcanza unha puntuación de 10 sobre 20 puntos que é a puntuación máxima que se alcanza aquí. NOTA ACLARATORIA: Se se suspende algunha das partes (non se alcanza a puntuación mínima para aprobar) o alumnado debe ir á seguinte convocatoria con todo. NON SE GARDAN PARTES DE NINGÚN EXAMEN DUNHA CONVOCATORIA PARA OUTRA OU OUTRAS CONVOCATORIAS. A DATA DOS EXAMES DAS CONVOCATORIAS ESTÁN MARCADOS POR XUNTA DE FACULTADE POLO TANTO NON SE MOVEN. O BAREMO QUE SE SIGUE EN CADA UNHA DAS PARTES, A TER EN CONTA: a) 10 PUNTOS A 13 PUNTOS EQUIVALE A UN APROBADO (5-6). Concretamente, 10 e 11 puntos equivale a un cinco; 12-13 puntos equivale a un seis. b) 14 PUNTOS A 17 PUNTOS EQUIVALE A UN NOTABLE (7-8). Concretamente, 14 e 15 puntos equivale a un sete; 16-17 puntos equivale a un oito. c) 18 PUNTOS A 20 PUNTOS EQUIVALE A UN SOBRESAÍNTE (9-10). Concretamente, 18 e 19 puntos equivale a un nove; 20 puntos equivale a un 10	40
-------------	---	---	----



Estudo de casos	A6 A7 A11 A14 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C2 C3 C4 C6 C8	Esta tarefa está destinada aos contidos da materia (tema 2, tema 3, tema 4 e tema 5). Coa mesma intención que o alumnado combine outras metodoloxías como por exemplo, solucións de problemas, prácticas guiadas (fichas guiadas), etc. Pero tendo presente que con ela o alumno desenvolve tarefas puramente prácticas sobre este tema co apoio e supervisión do profesorado. Todo isto so se levará a cabo cando se explique os temas. O profesorado presentará ao alumnado os apuntes deste tema (a través de moodle); nas clases expositivas explicará con casos ditos apuntes; nas clases interactivas o profesorado presentará prácticas guiadas (fichas guiadas) para que o alumnado as realice PARA TODO ESTO O ALUMNADO DEBE TRAER OS APUNTES REVISADOS. O alumnado deberá realizar todas as prácticas propostas e incorporalas nun documento único, a modo de dossier, que entregará ao docente no prazo establecido, baixo o nome de ?Métodos de Investigación? (denominado metodoloxía Obradoiro). O profesor/a antes de finalizar o período lectivo realizará un simulacro de dita proba, no horario de clase da materia. As preguntas dese simulacro estarán a disposición do alumnado matriculado nesta materia en moodle. A asistencia a este simulacro non é obrigatoria	20
-----------------	--	--	----

Observacións avaliación



Na

avaliación da materia (exposta no apartado da guía docente, denominado

"Paso 7: Avaliación") terase en conta antes de nada o seguinte:

a)

ESTUDIANTES QUE ASISTAN SEMPRES A CLASE (ou alumnado con dispensa académica)

(estudantes presenciais) considéranse que asisten un 80%, isto equivale a non ter máis de 3

faltas sen xustificar. Xustifícase as faltas médicas (con xustificante

correctamente cuberto por un médico colexiado) e as faltas por un traballo (con

xustificante correctamente cuberto no traballo onde se xustifique que en horas

de clase se está a traballar) ou calquera outra falta sempre co documentación

homologado. Os test online previstos para o final de cada sesión interactiva

deberán ser realizados na aula; en ningún caso (a excepción do alumnado con

dispensa académica) poderase realizar fóra da aula. A asistencia ás clases

interactivas será contabilizada a partir das respostas aos tests online. Non se

poderá ter máis de dúas faltas de asistencia en cada unha das partes da materia

(técnicas de recollida e técnicas de análise). As cualificacións das probas de

coñecemento que realízanse nas clases interactivas non serán reais ata que se entregue

o dossier (metodoloxía Obradoiro)

A

avaliación destes alumnos ten en conta o seguinte: 1-A proba mixta; 2-As

prácticas a través das TIC; 3-O estudo de casos e 4-Solución

de problemas. As avaliacións dende o 2 ao 4, ambas inclusive so serán efectivas

a entrega do dossier (metodoloxía Obradoiro)

Nota

aclaratoria:

Estes

estudantes seguirán sendo presenciais (nas mesmas circunstancias ou perderán

dita categoría) se, por mor da crise sanitaria, as clases son virtuais. Xa que

as expositivas son virtuais sempre, as clases interactivas seguirán as mesmas

normas pero a través de teams. Para elo, o profesorado configurará en teams os

grupos interactivos e terán clases no mesmo horario que foi aprobado na xunta

de facultade. A avaliación, nestas circunstancias (crise sanitaria), será

sempre por moodle.

A

proba mixta para estes estudantes, da igual que as clases interactivas sexan

presenciais ou virtuais, será sempre por moodle.

b) **ESTUDIANTES**

QUE NON ASISTAN SEMPRES A CLASE (estudantes non presenciais) considéranse que non

asisten cando faltan máis dun 80%, é dicir, ten máis de tres faltas sen

xustificar, ou ben ten máis de dúas faltas nunha das partes da materia

(técnicas de recollida e/ou análise da información). Se xustifica as faltas

médicas (con xustificante correctamente cuberto por un médico colexiado) e as

faltas por un traballo (con xustificante correctamente cuberto no traballo onde

se xustifique que en horas de clase se está a traballar), aínda que en ningún

caso estes xustificantes suporán a posibilidade de realizar os tests online

fóra de prazo. Tamén pode ser aquel estudantado que así opte dende o inicio da

materia (o primeiro día de clase o profesorado presentará esta opción que o

estudentado pode elixir) Estes estudantes se presentarán ás probas das

convocatorias de xuño ou xullo. Se recomenda que o estudantado realice os dous

traballos da materia de forma autónoma, posto que estes serán avaliados na



proba final da materia (60%), xunto cos contidos teóricos propios da proba mixta (40%). Neste sentido estes estudantes só farán a proba mixta a través de moodle



Fontes de información

Bibliografía básica	Arnal, J., Del Rincón, D. y Latorre, A. (1992). Investigación educativa. Fundamentos y metodología. Barcelona: Labor. Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla. Colás, P. y Buendía, A. (1992). Investigación educativa. Sevilla: Alfar. De La Orden, A. (1985). Investigación educativa. Diccionario de Ciencias de la Educación. Madrid: Anaya. De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex. Dendaluce, I. (Coord.) (1988). Aspectos metodológicos de la investigación educativa. (II Congreso Mundial Vasco). Madrid: Narcea. Etcheberry, J. y Tejedor Tejedor, F. J. (2005). Análisis descriptivo de datos en educación. Madrid: La Muralla. García, V. (1994). Problemas y métodos de investigación en educación personalizada. Madrid: Rialp. García, M. (2000). Socioestadística. Introducción a la Estadística en Sociología. Madrid: Alianza. García, M (coord.) (2015). El análisis de la realidad social: métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza. Hernández, R., Fernández, C. y Baptista, P. (2003). Metodología de la investigación. (3ª. Edic.). México: McGraw-Hill. Latorre, A. (2003). La investigación-acción. Conocer y cambiar la práctica educativa. Barcelona: Graó. León, O. y Montero, I. (1993). Diseño de investigaciones. Introducción a la lógica de la investigación en Psicología y Educación. Madrid: McGraw-Hill. Losada, J. L. y López, R. (2003). Métodos de investigación en Ciencias Humanas y Sociales. Madrid: Thomson. Orfelo, L (2015). Métodos de Investigación en Psicología y educación: las tradiciones cualitativas y cuantitativa. Madrid: McGrawHill. Pérez, G. (Coord.). (2001). Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural. Aplicaciones Prácticas. Madrid: Narcea. Rodríguez, G., Gil, J. y García, E. (1996). Metodología de la investigación cualitativa. Málaga: Aljibe. Verd, J.M. (2016). Introducción a la investigación cualitativa: fases, métodos y técnicas: Madrid: Síntesis
Bibliografía complementaria	Almazán, A et al. (2011). Análisis estadístico para la investigación social. Madrid: Garceta Bisquerra, R (1987). Introducción a la estadística aplicada a la investigación educativa. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias. Bisquerra, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla. De Lara, E. y Ballesteros, B (2001). Métodos de investigación en educación social. Madrid: Universidad Nacional de Educación a Distancia. De la Herrán (Coord.) (2005). Investigar en educación. Fundamentos, aplicaciones y nuevas perspectivas. Madrid: Dilex. Fox. D.J. (1987). El proceso de investigación en educación. Pamplona: Eunsa. Grim, P. (2010). La certeza absoluta y otras fricciones. Los secretos de la estadística. Barcelona: RBA Libros Monje, C (2011). Metodología d ela investigación cualitativa y cuantitativa. Guía didáctica. Recuperado de: https://www.uv.mx/rmipe/files/2017/02/Guia-didactica-metodologia-de-la-investigacion.pdf (consultado: 03/07/2018) Sierra, R. (1987). Técnicas de Investigación social. Teorías y ejercicios. Madrid: Paraninfo Enlaces WEB: Métodos y técnicas de investigación https://www.gestiopolis.com/metodos-y-tecnicas-de-investigacion/ (consultado: 03/07/2018) Métodos de Investigación social: https://metodoss.com/investigacion-social/ (consultado: 03/07/2018) Metodología d ela investigación: https://sites.google.com/site/51300008metodologia/caracteristicas-cualitativa-cuantitativa (consultado: 03/07/2018) Aula virtual: https://educacionadistancia.juntadeandalucia.es/profesorado/autoformacion/mod/book/view.php?id=3847&chaptid=3127 (consultado: 03/07/2018) Uso de los métodos cuantitativos y cualitativos en la investigación https://prezi.com/awtmyv2x2_9a/el-uso-de-los-metodos-cuantitativos-y-cualitativos-en-una-investigacion/ (consultado: 03/07/2018)

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Técnicas de recollida e análise da información/652G03026

Observacións



Se pueden consultar las siguientes

fuentes:<http://www.udc.es/dep/fam> <http://www.educacion.udc.es> <http://www-ice.up.es/upc/ice/ice.nsf>. <http://dialnet.inicaja.es> <http://www.mec.es> <http://bibloteca.udc.es> <http://www.um.es/~dep/ried> <http://www.uv.es/a>
<http://www.bne.es>
<http://aera.net>

Comité Ambiental da Facultade (GREEN CAMPUS) recoméndase:

 -Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

-Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

-Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.tamén recomendase utilizar LENGUAJE INCLUSIVO

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías